



CIRCULAR ÁS INFORMATIVA ÁS FAMILIAS DE 2º BACHARELATO

ASUNTO: GRADUACIÓN

Estimadas familias:

Estamos xa na recta final da cerimonia de graduación dos seus fillos/as. Queda completar o ingreso para o pago dos servizos que teñan contratado.

Como xa saben a cea ten un coste de 45€, e as fotos e a reportaxe da cerimonia, de 16€

A ANPA decidiu financiar aos alumnos parte do coste das fotos, de modo que agora deberán pagar soamente 10€ por elas, o que supón unha redución de 6€ por persoa.

O fotógrafo é o único servizo que todos os alumnos/as, sen excepción, teñen contratado, polo tanto beneficiase da axuda da ANPA a totalidade do alumnado.

Os gastos da cerimonia corren por conta do centro, incluído un técnico de son que, ademais é Dj profesional, e non cobrará polos seus servizos durante a festa dos alumnos/as.

Tendo en conta o que xa teñen ingresado e os servizos contratados, o que teñen que abonar agora é:

- Os que teñen só **fotos = 10€**, e xa ingresaron un total de 16€, se lles devolverán **6€** cando a ANPA entregue a súa aportación, proximamente.
- Os que teñen só **fotos = 10€**, e aínda non ingresaron nada, deberán pagar agora **10€**
- Os que teñen contratado **cea + fotos = 55€** (45 cea+10 fotos), e xa ingresaron un total de 41€ (25 cea+16 fotos), deberán pagar agora **14€**
- Os que teñen contratado **cea + fotos = 55€** (45 cea+10 fotos), e só ingresaron 25€ da cea, deberán pagar agora **30€**
- Os que teñen contratado **cea + fotos = 55€** (45 cea+10 fotos), e só ingresaron 16€ das fotos, deberán pagar agora **39€**

Nestes cálculos non está incorporada a festa, xa que o Dj profesional non vai cobrar nada, e cada alumno/a pagará a súa consumición no momento de ser servido.

Como anteriormente o ingreso farase no seguinte número de conta: **ES67 2080 0099 3030 4001 9296**

No concepto debe constar: **GRADUACIÓN** e o **NOME e APELIDOS** do alumno/a

É importante que figure o nome e apelido do alumno/a, e non o da persoa que fai o ingreso.

Agradeceríamos que o ingreso estivese feito antes do **venres 11 de maio**.


Nos próximos días entregaremos aos seus fillos/as **catro invitacións** para que vostedes as repartan como mellor consideren.

Por último lembrarlles que **o acto comezará ás 18:30**, e non ás 18:00, como estaba previsto inicialmente, para dar máis tempo aos ensaios previos á cerimonia.

Atentamente,

Culleredo, 09 de maio de 2018

A directora

A handwritten signature in blue ink is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'MINISTERIO DE EDUCACIÓN' on the left, 'CONSULTA DE EDUCACIÓN' at the bottom, and 'CULLEREDO' on the right. In the center of the stamp is a small crest or coat of arms.

Carmen R-Trelles Astruga